# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MANUEL CORDO BOULLOSA
CURSO: 1ºEP, 2ºEP, 3ºEP, 4ºEP, 5ºEP E 6ºEP
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN FÍSICA
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| | 1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (para a 3ª avaliación)** | |
|---|---|---|
| Nivel | Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe e competencias imprescindibles |
| 1ºEP | B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan | **EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable (CSC / CAA).** |
| 1ºEP | B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais. | **EFB3.1.1. Comeza a desprazarse básicamente de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial (CSC / CCEC / CAA)** |
| 2ºEP | B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices. | **EFB2.2.3. Comeza a iniciarse no equilibrio dinámico (CSC / CAA).** |
| 2ºEP | B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. | **EFB3.1.1. Desprázase básicamente de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial (CSC / CCEC / CAA).** |
| 3ºEP | B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. | **EFB3.1.3. Comeza a realizar habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) cos segmentos dominantes (CSC / CCEC / CAA).** |
| 3ºEP | B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. | **EFB3.1.4. Realiza xiros básicos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade (CSC / CCEC / CAA).** |
| 3ºEP | B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma. | **EFB5.1.5. Comeza a realizar os quecementos de forma autónoma (CSC / CAA / CSIEE).** |

| | | |
|---|---|---|
| 4ºEP | B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. | **EFB3.1.3. Realiza con certa soltura as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) utilizando os segmentos dominantes (CSC / CCEC / CAA).** |
| 4ºEP | B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. | **EFB3.1.4. Realiza mínimamente as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos sen perder o equilibrio e a continuidade, tendo en conta dous eixes corporais e os dous sentidos (CSC / CCEC / CAA).** |
| 5ºEP | B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. | **EFB3.1.3. Adapta mínimamente as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes (CSC / CCEE / CAA / CSIEE).** |
| 5ºEP | B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades | **EFB6.1.1. Comeza a utilizar os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices (CSC / CSIEE / CAA).** |
| 6ºEP | B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. | **EFB3.1.3. Adapta mínimamente as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas (utilizando segmentos dominantes e non dominantes (CSC / CCEE / CAA / CSIEE).** |
| 6ºEP | B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades | **EFB6.1.1. Utiliza, en ocasións, os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices (CSC / CSIEE / CAA).** |

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>• Avaliación continua. |
| | Instrumentos:<br>• Seguimento interactivo do alumnado.<br>• Comunicación cos titores-as de cada nivel e co resto de compoñentes do Claustro.<br>• Test e probas obxectivas realizadas nas avaliacións anteriores. |
| **Cualificación final** | Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br><br>Consideraremos tanto os resultados acadados na 2ª avaliación (referente da avaliación continua), coma os estándares e competencias imprescindibles que se recollen no apartado 1 desta modificación da programación anual.<br>En ningún caso se minorará a cualificación obtida polo alumnado na segunda avaliación.<br>Os criterios de promoción aplicaranse sempre pensando en non prexudicar ao alumnado polo cambio á metodoloxía non presencial (sendo a repetición unha medida excepcional). |
| **Proba extraordinaria de setembro** | X |
| **Alumnado de materia pendente** | Criterios de avaliación: X |
| | Criterios de cualificación: X |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación: X |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | As actividades son colgadas nos diferentes blogues do centro. Constan fundamentalmente de:<br>• Sesións de Educación Física dentro da unidade didáctica "EF de andar por casa". Trátase de sesións globais (que abarquen o maior número de capacidades físicas, e que varios-as irmáns-ás de diferentes idades podan xogar xuntos-as). Tamén reflexarán diferentes variantes para adaptarse ás diferentes idades e niveis do alumnado, tendo así a posibilidade (ao ser ritmo) de ir incrementando o nivel de dificultade.<br>Incluso, haberá pautas para a elaboración de algún material alternativo para a práctica das sesións anteriores.<br>• Xogo da Oca de Curicuxa (mascota da biblioteca): Elaboración propia dun taboleiro con diferentes exercicios físicos segundo a celda na que te atopes, sempre adaptados ás diferentes idades e niveis do alumnado.<br>• Trivial da Educación Física: Xogo de mesa elaborado por outro centro educativo con preguntas e probas relacionadas coa área de Educación Física.<br>• Elaboración e participación en videos de diferente índole. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | O traballo no terceiro trimestre estará enfocado principalmente ao mantemento físico integral, procurando que non haxa retrocesos. Sempre será tendo en conta a situación de cada alumno-a, co fin de non sobrecargalas e sobrecargalos (servirá, únicamente, para mellorar a cualificación final).<br>Procúrase unha metodoloxía interactiva na que se establece unha comunicación entre alumnado (familias) e o Claustro a través de diversas ferramentas: páxina web, correo electrónico, whastapp e Tokapp school.<br>Para os casos sen conectividade, que non son demasiados, pódense dirixir ao centro por vía telefónica. |
| **Materiais e recursos** | • Diferentes sesións e xogos seleccionados polo mestre nas que se precise material alternativo que estaría presente en calquera vivenda (botellas de plástico, cartóns, paus, bricks, botes, etc. ) Algún material incluso pode estar elaborado polo alumnado coas directrices oportunas.<br>• Recursos dixitais: videos, email, etc. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Informarase ás familias das modificacións da programación do curso 2019-20 pola situación extraordinaria que esta a acontecer e enviaráselle polos medios de contacto que estamos a utilizar o enlace a páxina web do centro onde se publicará. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro con accesibilidade á comunidade educativa. |